



Concello de Bueu

BANDO DA ALCALDÍA QUE REGULA AS ACTIVIDADES CO GALLO DAS FESTAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO. ANO 2026

FÉLIX JUNCAL NOVAS, alcalde do Concello de Bueu, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 1 e 7.3 do Regulamento de servizos das corporacións locais, así como na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia,

CONSIDERANDO a celebración das festividades da noite de San Xoán e San Pedro, de fonda tradición popular no municipio, e a necesidade de garantir a seguridade das persoas e dos bens, así como o correcto funcionamento dos servizos públicos e a prevención do risco de incendios,

FAI SABER que con motivo da celebración das noites de San Xoán e San Pedro, nas que tradicionalmente se procede ao acendido de fogueiras, e co fin de previr riscos para as persoas, os bens e o medio natural, establécense as seguintes condicións para a súa autorización e realización no termo municipal de Bueu:

1º.- Logo da correspondente solicitude e obtención da preceptiva autorización municipal, exigible de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, poderán realizarse fogueiras nos lugares, datas e nas condicións establecidas no presente bando.

2º.- Só poderán ser autorizadas as fogueiras que se localicen en terreos ou espazos públicos nos que non estean expresamente prohibidas polas ordenanzas municipais, así como en terreos de titularidade privada.

3º.- Para a autorización da realización de fogueiras deberá **presentarse no Rexistro Xeral do Concello** a seguinte documentación, **observándose as seguintes condicións:**

a).- A solicitude, xunto coa documentación completa, deberá presentarse antes do día 12.06.2025 incluído. As solicitudes presentadas fóra de prazo ou incompletas non serán tramitadas e, en consecuencia, non se entenderán autorizadas.

b).- Presentarase, no modelo facilitado polo Concello, declaración responsable mediante a que a persoa solicitante se comprometa á adopción e cumprimento das medidas de seguridade establecidas neste bando.

c).- No suposto de concorrencia de varias solicitudes para o mesmo espazo de dominio público, a autorización resolverase mediante sorteo público.

d).- A persoa solicitante será responsable de que, no prazo improrrogable de 48 horas desde a finalización da actividade, o espazo de dominio público utilizado quede en perfectas condicións de limpeza e uso.

4º.- A instalación das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados e seguros, mantendo unha **distancia mínima de 10 metros** respecto de edificacións, liñas aéreas

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099





Concello de Bueu

de servizos, mobiliario urbano, vehículos, masas arbóreas e arbustivas, así como de calquera outro elemento susceptible de resultar afectado polo lume ou pola calor.

Non se permitirá a súa instalación sobre pavimentos asfálticos, de formigón ou sobre outras superficies cuxa integridade poida verse afectada pola combustión.

En todo caso, a localización das fogueiras deberá respectar as limitacións e distancias establecidas pola normativa sectorial aplicable, especialmente a prevista na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para terreos agrícolas, forestais e zonas de influencia forestal.

5º.- As fogueiras **non poderán superar**, en ningún caso, os **3 metros de altura nin os 3 metros de diámetro**.

Deberán situarse sobre unha base estable e acondicionada, delimitada mediante pedras, terra ou outro sistema que contribúa a evitar a propagación do lume e a dispersión de brasas.

O acendido realizarase de maneira gradual, incorporando o material combustible progresivamente e mantendo en todo momento dimensións que permitan o seu control e extinción inmediata cos medios de seguridade dispoñibles.

6º.- Nas fogueiras **só poderá empregarse leña ou biomasa vexetal seca**, quedando expresamente prohibida a queima de residuos ou materiais cuxa combustión poida xerar riscos para a seguridade ou producir emisións contaminantes ou molestas.

En particular, prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas e materiais sintéticos, residuos domésticos ou industriais, envases, madeiras tratadas, botes de aerosois, así como de calquera material inflamable, explosivo ou susceptible de producir fumes ou gases nocivos.

7º.- As persoas organizadoras ou **responsables** das fogueiras deberán ser **maiores de idade** e permanecer no lugar durante todo o tempo de duración da actividade, velando polo mantemento das condicións de seguridade e pola protección da contorna inmediata.

Deberán dispoñer dun medio de comunicación operativo e coñecer os teléfonos dos servizos de emerxencia. **Ante calquera incidencia ou situación de risco, deberá avisarse inmediatamente ao 112** e, se procede, á Policía Local de Bueu (986 32 00 62).

Durante o desenvolvemento da fogueira deberán permanecer dispoñibles medios axeitados para a extinción do lume, tales como mangueras, extintores ou, cando menos, reserva suficiente de auga e recipientes para a súa aplicación inmediata, equivalente como mínimo a 200 litros.

8º.- Ao remate da actividade será **obrigatoria a limpeza do espazo autorizado e a retirada de todos os residuos**, cinzas, restos de combustión e elementos empregados para o desenvolvemento da fogueira, debendo restituírse o lugar ao seu estado previo e quedar en adecuadas condicións de limpeza, seguridade e uso.





Concello de Bueu

9º.- A localización das **fogueiras non poderá dificultar nin impedir o tránsito peonil** ou rodado, **nin entorpecer os accesos**, vías de circulación ou itinerarios de evacuación da zona, debendo quedar garantido en todo momento o acceso dos servizos de emerxencia.

10º.- As persoas organizadoras ou responsables da fogueira serán responsables da súa completa e correcta extinción. Ao remate da actividade, e antes de abandonar o lugar, deberán asegurarse de que o lume e as brasas queden totalmente apagados, sen risco de reignición ou propagación.

11º.- O emprego de artificios pirotécnicos deberá axustarse ao disposto na normativa vixente en materia de artigos pirotécnicos e cartucharía, quedando prohibido o seu uso por persoas que non cumpran as condicións de idade, seguridade e autorización legalmente establecidas.

12º.- Nas fogueiras situadas en dominio público municipal, a colocación ou exhibición de pancartas, soportes publicitarios ou outros elementos similares requirirá autorización municipal expresa.

13º.- Non poderá procederse ao acendido das fogueiras cando as condicións meteorolóxicas, e especialmente o vento, poidan favorecer a propagación do lume ou comprometer a seguridade das persoas e dos bens.

14º.- Para as **fogueiras autorizadas en dominio público municipal** establécese o depósito previo dunha **fianza por importe de 200,00.-€**, en garantía da reparación de posibles danos e do cumprimento das obrigas de limpeza e restitución do espazo utilizado.

A devolución da fianza efectuarase logo da comprobación polos servizos municipais do correcto estado do lugar e do cumprimento das condicións establecidas neste bando.

15º.- En todo caso, deberá observarse o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e demais normativa vixente que resulte de aplicación en materia de prevención de incendios forestais, especialmente no relativo aos terreos agrícolas, forestais e ás zonas de influencia forestal.

16º.- A Policía Local e os demais servizos municipais competentes velarán polo cumprimento do disposto neste bando e poderán realizar as actuacións de inspección e control que resulten necesarias.

En caso de incumprimento das condicións establecidas, existencia de risco para as persoas, os bens ou o medio natural, ou concorrencia de circunstancias meteorolóxicas desfavorables, poderá prohibirse o acendido ou ordenarse a inmediata extinción da fogueira.

17º.- No caso de que o **Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI) alcance os niveis de alto, moi alto ou extremo** na data prevista para a celebración, ou cando así o determinen as limitacións ou prohibicións establecidas pola normativa vixente ou polas autoridades competentes, **quedarán sen efecto as autorizacións concedidas para o acendido de fogueiras.**

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099





Concello de Bueu

18º.- O incumprimento do disposto neste bando poderá dar lugar á adopción das medidas administrativas que correspondan e á imposición das sancións previstas na normativa vixente, sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais que poidan derivarse.




DISTANCIAS MÍNIMAS A RESPECTAR FOGUEIRAS - BUEU



MÍNIMO 10 METROS EN TODAS AS DIRECCIÓNS

A instalación das fogueiras deberá realizarse en lugares despeados e seguros.



RECORDA

OUTRAS OBRIGAS CLAVE



Só se poderá empregar leña ou biomasa vexetal seca.
Prohibida a queima de residuos e materiais non permitidos.



Dispor de medios de extinción:
auga (mín. 200 litros), manguera ou extintor.



Manter sempre vixilada a fogueira e estar preparado para a súa extinción.



Ante calquera incidencia chama ao

112



Ao remate, limpar e retirar todos os residuos e cinzas. Deixar o lugar en perfecto estado.



A súa colaboración é esencial para previr incendios e protexer o noso entorno.
Disfruta con responsabilidade.



CONCELLO DE BUEU

Documento asinado dixitalmente na data da marxe polo alcalde, Félix Juncal Novas.

